

Lembranzas dun futuro

Alí estaba ela outra vez, sentada no molle, mirando o lago que tiña diante. Había algo naquel lago, no lago Sigmar, que a unía a el, pero non sabía o que era. “Foi cousa súa olvidalo”—pensou o mozo que a observaba—. “Non podes obrigala a volver”. “Pero tampouco foi exactamente así...” —dixo outra voz dentro del.

A moza ergueuse e dispúxose a marchar. Naquel momento o mozo decidiuse, non podía esperar máis, nadou ata a superficie e subiu ao molle, antes de perderla de vista. A rapaza volveuse ao momento ao notar a súa presenza. Mirouno con cautela pero con curiosidade.

—Tranquila, perdón por asustarte. Son Édagar, nome xermano, por se che estraña, un guerreiro ao teu servizo.—imitou unha reverencia.

—Talía.— dixo ela cun sorriso ante o comentario do mozo.

—Encantado Talía. Gústache vir ao lago, verdade?— ela asentiu desconfiada—. A min tamén, é incluso máis bonito do que parece.

—Si, é moi tranquilo... Como é que saíches da auga antes? Non te vin cando cheguei...

—Estiven nadando un tempo, polo fondo, non creo que me viras antes.

Talía estaba máis relaxada a pesar de que ese argumento non a convencera de todo. Aquel mozo, Édagar, transmitíalle o mesmo sentimento de paz que sentía ao observar o lago. Édagar sentou no molle e Talía sentou ao seu carón. Comezaron a falar de calquera cousa. Calquera que os vise pensaría que se coñecían de sempre (e tampouco iría tan desencamiñado). Nun momento no que a conversación comezaba a decaer, Édagar decidiu contarlle o que pretendía.

—Que che parece se che ensino o que vin antes no fondo? Tes un momentíño?

—Si, apetéceme velo. Non adoito vir nadar, a menos que sexa con amigos, pero nunca imos ao fondo.—E lanzouse á auga antes de que Édagar puidera dicirlle algo.

—Colle aire— díxolle a Talía e sumerxiuse.

Édagar sabía o que tiña que facer. Foi nadando cara o fondo e no momento que el creu apropiado volveuse para ver se ela estaba a seguilo e deuse conta de que Talía estaba facéndolle acenos a Édagar para dicirlle que estaba quedando sen aire.

Édagar achegouse a ela e aproveitou a situación. Cando viu que estaba xunto a ela, Talía foi nadando rapidamente ata a superficie. Pero Édagar retívoa colléndoa polo nocello. Talía mirouno alarmada e intentou soltarse. O mozo mirouna aos ollos, tranquilizándoa e ela deixou de revolveuse, perplexa ante a actitude de Édagar. Este colleu a cabeza de Talía entre as súas mans, notou o poder que o transformaba en situacións de perigo e que estaba comezando a controlar. Deixouse levar por el, devolvéndolle os seus recordos a Talía.

Talía sentiu ese poder dentro dela e ao momento comezou a ver moitas imaxes na súa cabeza.

Burbullas xigantes rodeadas de algas e peixes de todas as cores. Casas altísimas dentro desas burbullas. Un palacio e un home vello con barba e ollos verdes sorrindo a unha nena pequena. Despois volveu ver ao mesmo home, pero anos despois, coa barba branca e unha ollada triste. Entón as imaxes mudaron, agora vía lexións enteiras de monstros mariños pero con forma humana, como corpos humanos cubertos de escamas verdes e azuis e a cabeza cunha forma horrible e deforme con aspecto de peixe. Viu xente fuxindo deles e os seus ataques. Outro grupo reducido de xente xuntábase e formaba un pequeno exército liderado por un ser como os que os atacaban, pero non tan deforme e podía distinguir nel algúns trazos humanos, como aqueles, aqueles... ollos verdes, como os do home que vira nas primeiras imaxes. Viu a uns dez Transformados liderados por un Édagar máis mozo e unha rapaza dispostos a contraatacar.

Antes de que as imaxes desapareceran foi capaz de distinguir a silueta dunha rapaza seguindo a un grupo de persoas nadando ata a superficie.

Édagar retirou as mans e deixou espazo a Talia. Ela mirouno fixamente con bágoas correndo pola súa faciana.

—Transfórmate —díxolle a Édagar. Sorprendeuse ao escoitar a súa voz baixo a auga e caeu en que tamén era capaz de respirar.

—Sabes que non funciona así. Cando aínda non controlas a Transformación, só se activa nunha situación de perigo inmediato.

—Necesito saber se é certo, transfórmate! —ordenoulle con autoridade. Achegouse a el, colleuno do pescozo e díxolle de novo—: Transfórmate.

Talia exerceu máis presión sobre el e entón sucedeu. Separouse ao ver como unha luz azul repentina envolvía a Édagar. A luz cesou e apareceu ante ela cos mesmos ollos azuis pero todo o demais cambiara. Tiña diante a un ser como os que vira naquelas imaxes. Corpo de humano pero cheo de duras e escuras escamas con reflexos verdes e azuis. As mans tiñaas tamén con escamas e os dedos estaban unidos cunhas membranas e rematados nunhas unllas verdes. A cabeza, con escamas tamén, tiña aspecto de peixe. En lugar de orellas tiña dúas membranas que funcionaban como sensores que detectaban movemento. Non tiña nariz pero tiña branquias aos dous lados do pescozo, baixo a cabeza. Os ollos azuis eran o único que seguía igual do Édagar humano.

—Xa o ves, somos reais —falou Édagar cunha voz grave e profunda.— As imaxes que viches son recordos teus, estaban agochados na túa mente, mostreichos simplemente. Irás lembrando todo pouco a pouco...

—Pero, por que...?

—O noso pobo vive nos lagos que hai pola Terra. Evolucionamos e a maior parte do tempo temos aspecto humano, pero podemos respirar baixo a auga. A pesar diso ás veces transformámonos, forma parte de nós.

»Os Transformados permanentes que viches e teñen deformidades polo corpo, eran coma nós, pero conseguiron controlar a Transformación. Descubriron que

transformados eran máis fortes e decidiron quedarse así sabendo que se quedaban demasiado tempo nesa forma cambiaría o seu aspecto para sempre. Anhelaban ter o poder e tentaron someter ao noso pobo. Atacáronos hai xa doce anos cando Sigmar era o rei.

—Sigmar era o meu pai, non si? —dixo Talia, que comezaba a lembrar. Édagar asentiu.

—Teu pai morreu na batalla pero antes de que os Transformados aproveitasen a situación, desataches o teu poder e sen saber moi ben como, marcharon.

»Outros lagos están notificando o regreso de grupos reducidos de Transformados permanentes. Pensamos que saben que o noso rei non ten o poder do verdadeiro rei e virán a acabar con nós, posto que somos un dos lagos principais para a nosa especie.

—Pero por que marchei?

—A pesar de gañar, moita xente sentiuse insegura, non tiñamos rei e ti non estabas moi preparada para selo. A solución de moitos foi deixar este lago, marcharon a outros pero algúns optaron por ir á superficie, era máis seguro.

»Ti estabas destrozada mental e fisicamente, viches morrer a moitos amigos, familia, incluído teu pai. Sabías que terías que gobernalos mais nin sequera sabiamos como gañáramos aos Transformados e non sabiamos se volveríamos a conseguilo sendo moitos menos. Non te vías capaz, contáchesmo, e tampouco querías defraudar a ninguén.

—Discutimos — lembrou Talia.

—Si. Ocorréuseche ir á superficie en segredo, quedar alí e volver cando te vises capaz. Eu tiña a esperanza de que quedases aquí pero sen gobernar aínda. Ti preferías permancer lonxe de todo isto por un tempo.

»Sen estar eu de acordo, decidiches marchar finalmente cun último grupo de xente que saía. Viñeches a avisarme a noite que marchabas, tentei facerche entrar en razón unha derradeira vez, pero sen éxito. Despedícheste prometendo volver pero non contabas, non contabamos, con que unha vez que saíses non recordarías nada, era unha forma de protexer o noso mundo.

»Entereime diso pouco despois, ao informar ao meu tío, que agora é o rei, de que marcharas, que por certo, enfadouse comigo por deixarte ir sen avisar... Pero era moi tarde.

—Síntoo, Édagar, agora a verdade é que a pesar de non lembralo todo, doume conta de que fun moi egoísta. Ti quedaches aquí sufrindo o que me correspondía. A túa opción non era tan mala.

—Non vías saída, non te culpo por iso. Mellor iso que perdeste para sempre. Quedaron en silencio un tempo pensando cada un nas súas cousas .

—Por que viñeches a buscarme doce anos despois? —preguntou ela entón.

—Pois porque están volvendo, porque agora sabemos que están a atacar outros lagos. Hai xente que marchara a outros lagos e pouco a pouco foron volvendo e

moitos outros foron buscar aos que marcharan ao exterior, aínda que non sempre conseguían que volveran todos. Pero agora somos máis e sabendo que chegarán dun momento a outro temos unha posibilidade de acabar nós con eles, pero contigo, claro. A última vez fuches ti quen os botou fóra e cremos saber por que pasou.

—Dixeches antes que pesabades que como o voso rei agora, o teu tío, non era o verdadeiro era moi probable que se decidiran a atacar, pero non entendo, verdadeiro rei en que sentido?

—En cada lago hai unha familia que está máis unida a el, é dicir, que se esa familia vivise nese lago co que ten ese lazo máis forte, tería un poder maior, as súas calidades melloraríanse... En cambio se esa familia marcha e vai vivir a outro, esas melloras desaparecen. Non sabemos como é que hai familias que senten esa conexión co lago de forma máis forte que outras, pero cremos que ten que ver co proceso evolutivo da nosa especie. Con isto quero dicir que é posible que os primeiros que viviron neste lago fosen devanceiros teus. Ao descubrir isto averiguamos que se alguén desa familia que mantiña ese lazo reinaba e era aceptado pola xente do lago, a conexión que os unía faríalle controlar a natureza do lago e sacarlle o maior partido.

»Así pois, decidimos poñer a esa persoa ao mando e gobernar o lago. Ese era Sigmar, teu pai. Ese poder foiche transmitido como filla del que eres. Ti mantés esa conexión e por iso te vin a buscar.

Talia asentiu. Estaba comprendendo o que lle dicía Édagar e ademais, estaba comezando a lembrar máis cousas o que facía que o entendera mellor. Aínda así había unha cousa que non cadraba.

—Atopastes a forma de saír á superficie sen olvidar nada, verdade? Porque senón ti agora mesmo non lembrarías nada ao vir a buscarme e tampouco aquela xente que foi buscar na superficie aqueles que marcharan coma min, non si?

—Si, así é. Esa foi a outra razón pola que non puideron ir buscarte xusto cando me enterei de que ías olvidalo todo. Creamos unha substancia hai cinco anos que repele ese efecto de amnesia que provoca saír ao exterior.

—Un bo avance... pero hai algo máis...

Édagar calou pero sabía que llo tería que dicir.

—Si. En realidade o meu tío prohibiu hai tempo saír a traer de volta aos que marcharan, a pesar de crear esa substancia. Dicía que marcharan por vontade propia, porque non confiaban en que seríamos capaces de evitar outro ataque sendo ti a raíña. Ademais, dixera el, así, volvíanse os Transformados teríamos menos xente que protexer e menos xente que morrería...

—E ti?

Antes de responderlle Édagar tomou o control do seu corpo, do seu poder e transformouse de novo a humano, antes de dicirlle verdadeiramente por que razón fora a busca...

—...Eu non pensaba o mesmo, principalmente porque ti eras unha desas que marcharan. Pero non podía incumplir as normas nin sequera por ti. Sabía que non

debía e unha parte de min estaba de acordo co meu tío, marcharas pola túa vontade. Pero estaba seguro que debíamos terte ao noso lado, liderando e reinando. Eu quería volveverte a ver, volver a liderar o exército dos nosos Transformados ao teu lado como fixeramos sempre. Así que collín un bote desa substancia e fun buscarte, levo pensando en saír á superficie dúas semanas, estívente observando para saber cando saír — admitiu avergoñado.

Talia sorriulle sabendo que lle dicía a verdade, que realmente non lle gustara a decisión que ela tomara hai doce anos pero que tivera que afrontala igualmente e que cando tivo a oportunidade, volveu e cumpriu esa promesa que non puidera cumprir por ela mesma.

—Agora o que queda depende de ti e decidas o que decidas respectareino aínda que non me guste. Estás no teu dereito, pero agora coñeces todos os detalles, aqueles que se nos escaparan a última vez e algúns novos que respondes a preguntas que antes non tiñas solución.

»Pídoche que veñas comigo ao que era e segue sendo o teu fogar, que vexas cos teus ollos como estamos agora, que lembres todo o que olvidaches e que unha vez visto iso, decidas se queres quedar e vivir aquí, sabendo que terás que ser a raíña nalgún momento ou ir á superficie e quedar alí para sempre, olvidando, esta vez si, todo o noso mundo, as responsabilidades que che virán enriba, todo o malo que pode haber pero tamén todo o bo que pode suceder.

Estas palabras de Édagar deixáronlle claro a Talia o que faría, a pesar do malo que tería que soportar non volvería a facerlle o mesmo ao seu pobo.

—Polo momento decido quedar e velo todo porque se ao final decido marchar, se vexo todo este mundo dará igual se finalmente vouno esquecer —respondeu en cambio rindo.— Imos logo?

—Imos —respondeu Édagar rindo con ela sabendo o que a súa resposta significaba.

O mozo seguiu a Talia, adiantouna e traspasou unha barrera invisible que separaban os dous mundos. No outro lado xa, Talia quedou abraiada polo que estaba a ver, todo moito máis bonito do que vira nas imaxes: burbullas enormes con casas no seu interior e xente nadando nos arredores, falando, rindo, vivindo felices ao cabo, sen saber cando o malo chegaría, porque non importaba, vivirían ledos ata que o malo chegase e cando chegue superaríanos xuntos e con éxito.

Ela estaría con eles esta vez. “Quen non coñece a historia do seu pobo está condenado a repetila” —pensou Talia no momento no que atravesaban unha desas maravillosas burbullas baixo a auga —, pero ela si que o lembraba agora e iso axudaría a forxar un mellor futuro para toda esa xente.

-Krieger